

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE GALEGUIDADE
(NUM. EXPE. 09/PL-000008).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Artigo 1. Substituír o texto polo seguinte:

“Artigo 1. Obxecto

1.- A presente Lei desenvolve o artigo 7 do Estatuto de Autonomía de Galiza e ten por obxecto regular o dereito das Comunidades Galegas asentadas fóra de Galiza a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.

2.- A presente Lei, tamén, establece o marco xurídico do recoñecemento da Galeguidade das devanditas entidades, se fora o caso, e o seu alcance, así como, establece as canles de participación e apoio entre as Comunidades Galegas asentadas fóra de Galiza co pobo de Galiza e as súas institucións.

3.- Así mesmo, esta Lei pon en valor e recoñece a contribución da emigración e a aportación das Comunidades Galegas do exterior na defensa, espallamento e vínculo coa cultura, lingua, historia e tradicións galegas.

4.- A presente Lei ten tamén por obxecto recoñecer outras entidades galegas asentadas fóra de Galiza coma “Centros Colaboradores da Galeguidade” e determinar os dereitos que lles afecten.”

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 3

Artigo 3. Substituír o texto polo seguinte:

“Artigo 3. Cidadáns/ás Galegos/as Residentes Fóra de Galiza

1.- Son galegos/as, aos efectos da presente Lei:

i. Os/as galegos/as de orixe que acrediten a condición de residente no estranxeiro no correspondente Consulado de España.

- ii. Os/as galegos/as de orixe que residan noutra Comunidade Autónoma do Estado español.
- iii. Os/ás cidadáns/ás do Estado español residentes no estranxeiro que tivesen a súa última veciñanza administrativa en Galiza e acrediten esta condición no correspondente Consulado de España.”
-

Emenda nº3, ao apartado e), de Supresión. Artigo 4

Artigo 4.
Suprimir apartado e).

Emenda nº4, de Substitución. Artigo 6

Artigo 6. Substituír o texto polo seguinte:

“Artigo 6. Comunidades Galegas.

Aos efectos da presente Lei, son Comunidades Galegas as entidades asociativas sen ánimo de lucro, asentadas fóra de Galiza e constituídas por galegos e galegas, validamente constituídas e con personalidade xurídica no territorio en que se atopen asentadas e que teñan por obxecto principal nos seus estatutos o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galiza, as súas xentes, a súa historia, a súa lingua e cultura, e ás que lles fose recoñecida a súa galeguidade, de acordo co establecido pola presente Lei.”

Emenda nº5, ao apartado c bis), de Adición. Artigo 7

Artigo 7. Engadir un punto c.bis co seguinte texto:

“c.bis) Impulsar o coñecemento, divulgación e uso do idioma galego e o coñecemento e divulgación da creación e produción cultural en galego, tanto entre os membros da comunidade como nas sociedades de acollida.”

Emenda nº6, ao apartado d), de Substitución. Artigo 7

Artigo 7. Substituír o punto 7.d polo seguinte texto:

“7.d). Promover e fomentar a cooperación entre as comunidades galegas asentadas nun mesmo territorio e apoiar, respectando a súa autonomía, os procesos de unión ou fusión entre as Comunidades Galegas que así o decidiran.”

Emenda nº7, ao apartado c), de Supresión. Artigo 8

Suprimir o punto c)

Emenda nº8, ao apartado d) bis), de Adición. Artigo 8

Artigo 8. Engadir un punto d.bis) co seguinte texto:

“Difundir a historia, cultura e lingua galegas mediante o desenvolvemento de cursos, obradoiros ou actividades divulgativas nos territorios nos que están asentadas”.

Emenda nº9, de Substitución. Artigo 9

Artigo 9. g.

Substituír “...en que conste a súa vinculación con Galicia debidamente acreditada....” por:

“...na que conste a súa condición de galegos/as debidamente acreditada...”

Emenda nº10, de Substitución. Artigo 10

Artigo 10. Substituír o texto polo seguinte:

"Son centros colaboradores da galeguidade aquelas entidades legalmente constituídas fóra do territorio de Galiza, sen ánimo de lucro, que teñan por obxecto nos seus estatutos o

mantemento de lazos culturais ou sociais con Galiza, as súas xentes, a súa historia, a súa lingua e cultura, ou labores de protección, formación ou recreo dos/as galegos/as residentes no exterior e dos seus descendentes.”

Emenda nº11, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 11

Artigo 11. Ponto 1.a). Substituír o texto polo seguinte:

“a) Ser entidades sen ánimo de lucro, estar constituídas por galegos/as residentes no exterior e recoñecidas de conformidade co ordenamento xurídico do Estado en que estean establecidas.”

Emenda nº12, ao apartado 1.b) bis), de Adición. Artigo 11

Artigo 11. Engadir un novo punto 1.b) bis) co texto seguinte:

“Ter, entre os seus fins estatuarios básicos, o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galiza, as súas xentes, a súa historia, a súa lingua e cultura, ou labores de protección, formación ou recreo dos/as galegos/as residentes no exterior e dos seus descendentes.”

Emenda nº13, ao apartado 1.c), de Substitución. Artigo 11

Artigo 11. Ponto 1.c). Substituír o texto polo seguinte:

“Contar, como mínimo, con 50 asociados que deberán posuír a condición de galegos/as.”

Emenda nº14, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 11

Suprimir o apartado 4 do artigo 11

Emenda nº15, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 13

Artigo 13.2.

Substituír polo texto seguinte:

“Poderán inscribirse no Rexistro de Galeguidade aquelas federacións constituídas no estranxeiro con domicilio social dentro do mesmo ámbito territorial e que estean compostas como mínimo por dez comunidades galegas e/ou centros colaboradores inscritos no Rexistro de Galeguidade ou ben que integren, como mínimo, ao cincuenta por cento das comunidades galegas e/ou centros colaboradores, nese ámbito territorial... (e segue igual)”

Emenda nº16, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 13

Artigo 13.3. Substituír polo texto seguinte:

“No caso das comunidades galegas e/ou centros colaboradores asentados noutras comunidades autónomas, poderán acceder ao Rexistro aquelas federacións compostas como mínimo por cinco comunidades galegas e/ou centros colaboradores inscritos no Rexistro de Galeguidade ou ben que integren, como mínimo, ao cincuenta por cento das entidades e centros colaboradores domicialiados en dita comunidade autónoma.”

Emenda nº17, ao apartado 1, de Adición. Artigo 15

Artigo 15. Engadir ao remate do Apartado 1:

“...e a súa sede social estea radicada fóra de Galiza. “No apoio que preste a Comunidade autónoma, avaliarase a antigüidade e relevancia cultural destas entidades e o impacto social das súas actividades.”

Emenda nº18, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 17

Artigo 17.2. Substituír polo seguinte texto:

“2.-O órgano competente en materia de Emigración incoará de oficio o expediente de revogación do recoñecemento da

Galegidade a unha Comunidade Galega ou do recoñecemento como Centro Colaborador da Galegidade nos seguintes casos:

- i. Por extinción ou disolución da entidade.
- ii. Por incumprimento reiterado dos fins e obrigas establecidas nesta Lei.
- iii. Por inactividade da entidade por un período de dous anos debidamente probada.
- iv. Por sentenza xudicial firme que declare a falsidade de datos ou documentos que constasen na inscrición.
- v. Por cancelación ou perda de eficacia das autorizacións preceptivas outorgadas no seu día polos organismos competentes para a súa válida constitución.
- vi. Por realización de accións ou omisións en materia de subvencións tipificadas como infraccións moi graves pola normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de subvencións.”

Emenda nº19, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 19

Artigo 19.2. Substituír polo texto seguinte:

“A Xunta de Galiza apoiará os procesos de unión ou fusión das entidades recoñecidas pola presente Lei, previo acordo dos órganos competentes das mesmas e respectando a autonomía dos centros.”

Emenda nº20, ao apartado 3, de Adición. Artigo 21

Artigo 21. Engadir un punto 3 co texto seguinte:

“3.- Nos casos de fusión entre unha comunidade galega e un centro colaborador da galegidade, recoñecerase a condición de comunidade galega á entidade resultante do proceso de unión”.

Emenda nº21, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 22

Artigo 22.1. d)

Engadir o texto en negraña: “ O dereito a participaren, como entidades colaboradoras preferentes, nas accións desenvolvidas....”.

Emenda nº22, ao apartado 1.c), de Adición. Artigo 23

Artigo 23.1. c)

Engadir despois de “...para o fomento da cultura galega”:

“,tendo as Comunidades Galegas asentadas fóra de Galiza a consideración de axentes de promoción cultural de Galiza.”

Emenda nº23, ao apartado a), de Supresión. Artigo 25

Artigo 25 a).

Suprimir: “de forma individual e extraordinaria”.

Emenda nº24, ao apartado c) bis), de Adición. Artigo 25

Artigo 25. Engadir un novo punto. (c.bis):

“Actuacións de apoio á acollida e ao retorno dos emigrantes galegos. A Comunidade Autónoma de Galiza fomentará e prestará apoio ás Comunidades Galegas asentadas fóra de Galiza para o desenvolvemento de actividades conducentes a facilitar a chegada e integración dos galegos que emigran ao exterior e, así mesmo, para facilitar o proceso de retorno de aqueles que deciden voltar a Galiza.”

Emenda nº25, ao apartado d), de Adición. Artigo 25

Artigo 25 d).

Engadir ao final o texto seguinte:

“Así mesmo, apoiará, respectando a súa autonomía, os procesos de unión ou fusión entre as Comunidades Galegas que estean asentadas nun mesmo territorio e que así o decidiran.”

Emenda nº26, ao apartado d), de Substitución. Artigo 27

Artigo 27 d) Medios de comunicación da galeguidade

Substituír polo texto seguinte:

“d). Medios de comunicación da galeguidade.

No marco da cooperación social e cultural coas Comunidades Galegas s asentadas fóra de Galiza, a Comunidade Autónoma de Galiza impulsará, dentro das súas competencias, a produción, distribución e intercambio de publicacións, revistas, programas de radio e televisión, orientados aos galegos de fóra de Galiza, así como das iniciativas de comunicación das propias Comunidades Galegas.”

Emenda nº27, ao apartado f), de Adición. Artigo 27

Artigo 27 f) Plataforma Tecnolóxica.

Engadir ao final:

“Ademais, proporcionará aplicacións informáticas para a xestión, administración, contabilidade e comunicacións das propias Comunidades Galegas asentadas fóra de Galiza.”

Emenda nº28, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 28

Engadir un Artigo 28.2.bis co texto seguinte:

“A Comunidade Autónoma de Galiza, no marco das súas competencias, promoverá, en cooperación coas Comunidades Galegas asentadas fóra de Galiza, a formación e a capacitación ocupacional e empresarial dos galegos residentes fóra de Galiza.”

Emenda nº29, de Adición. TITULO III. BIS

Engadir un novo TÍTULO III. Bis co seguinte texto:

“TÍTULO III. Bis: Do Apoio Económico da Comunidade Autónoma de Galiza ás Comunidades Galegas Asentadas Fóra de Galiza.

Artigo 29. Bis. 1. Axudas e Subvencións de Apoio ás Comunidades Galegas asentadas Fóra de Galiza.

1.-Para o cumprimento dos fins da presente Lei e poder executar as actuacións a favor da Galeguidade establecidas no Título III desta Lei, a Comunidade Autónoma de Galiza habilitará anualmente unha partida específica dentro dos seus orzamentos xerais, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.

2.- O órgano superior da Administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento desta Lei e as relacións coas Comunidades Galegas asentadas fóra de Galiza:

i. Elaborará un plan de actuación plurianual no que se establecerán os fins e os obxectivos xerais das actuacións a favor da Galeguidade. Este plan deberá ser aprobado polo Pleno do Consello das Comunidades Galegas e nel deberán figurar, en forma de porcentaxe, as partidas orzamentarias de cada área de actuación, respecto do orzamento total asignado ao desenvolvemento desta Lei.

ii. Elaborará programas específicos de apoio a favor das Comunidades Galegas asentadas fóra de Galiza que desenrolen as áreas do dito plan de actuación.

iii. Convocará anualmente as axudas e subvencións necesarias para poder executar os programas de actuación a favor da galeguidade e realizar todas as tarefas de xestión destas convocatorias.

iv. Establecerá o marco normativo necesario e aprobará as bases reguladoras ao que se deberán axustar as axudas e subvencións convocadas.

v. Determinará os órganos competentes para a ordenación, avaliación, instrución e resolución dos procedementos correspondentes aos programas de subvencións establecidos.

vi. Promoverá as modificacións na lexislación autonómica e estatal necesarias para

axeitalas á realidade excepcional das Comunidades Galegas asentadas no estranxeiro, por estar, tamén, suxeitas á lexislación propia dos seus países.

3.-Os beneficiarios destas subvencións serán as Comunidades Galegas asentadas fóra de Galiza que teñan recoñecida a Galeguidade ou as entidades galegas asentadas fóra de Galiza ás que se lles recoñeza a súa condición de “Centro Colaborador da Galeguidade”, de acordo ao disposto na presente Lei.

4.- A xestión das subvencións ás que se refire este capítulo, realizarase sempre de acordo cos seguintes principios:

- i. Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- ii. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- iii. Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- iv. Sometemento á lexislación aplicable en materia de subvencións.

Artigo 29. Bis. 2. Tramitación, Xustificación, Control e Pagamento das Axudas e Subvencións.

1.-As bases reguladoras das convocatorias de axudas e subvencións, respectando a normativa aplicable en materia de subvencións, deberán especificar entre outros elementos, o obxecto da subvención, os prazos, os procedementos de solicitude, instrución e concesión; a imputación orzamentaria, o réxime de recursos, os procedementos de xustificacións e requirimentos, os beneficiarios e as súas obrigas, consentimentos e autorizacións e o réxime de modificacións de concesións.

2.- Así mesmo, as bases reguladoras das convocatorias deberán adaptarse e ter en conta o contexto legal das Comunidades Galegas asentadas no estranxeiro, xa que estas comunidades tamén están suxeitas á lexislación propia dos seus países, en ocasións diferente.

3.- Facilitarase a simplificación dos procesos e a documentación requirida para a tramitación e xustificación das axudas e subvencións, especialmente nos casos nos que a mesma entidade galega asentada fóra de Galiza solicita axudas ou subvencións para mais dun programa de actuación, co fin de facilitar as tarefas de administración e xestión desta entidade.

4.- O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva pero tamén poderán concederse de forma directa subvencións que se canalizarán a través de convenios nos que se establecerán as condicións, os compromisos e obrigas asumidas. En todo caso, os procedementos de concesión de subvencións deberán

cumprir o establecido na lexislación vixente en materia de subvencións.

5.- No caso de concesión de subvencións de carácter anual, a acción subvencionada deberá ser executada e xustificada antes do 31 de decembro do ano sinalado na convocatoria, agás causa xustificada que será avaliada polo órgano administrativo competente.

6.- Cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola entidade beneficiaria, porao no seu coñecemento e concederalle un prazo de tempo para a súa corrección. A falta de presentación da documentación requirida no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención.

7.- Unha vez resolto o expediente e, para acadar unha maior operatividade neste tipo de axudas e por tratarse de entidades que non teñen ánimo de lucro, poderanse efectuar pagamentos á conta ou ben autorizarse anticipos de pagamentos dos importes concedidos ata a contía máxima permitida pola lexislación vixente en materia de subvencións.

8.- O órgano superior da Administración da comunidade autónoma competente en materia de desenvolvemento desta Lei, poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións concedidas. Ademais, as subvencións concedidas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

9.- O incumprimento das obrigas contidas nas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Artigo 29. Bis. 3. Procedementos de Concesións das Axudas e Subvencións en Réxime de Concorrenza Competitiva

1.- Nos casos nos que as axudas ou subvencións convocadas sexan tramitadas en réxime de concorrenza competitiva, os expedientes de solicitude serán avaliados por un órgano colexiado que formulará a correspondente proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instrutor. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución, que se presentará ao órgano competente para resolver, quen resolverá dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

2.- Estes expedientes de solicitude de axudas ou subvencións serán avaliados polo órgano colexiado establecido, segundo os

criterios especificados para cada programa, o cal deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. Eses criterios deberán estar definidos dun xeito obxectivo, claro, conciso, cuantificable e realístico e, en todo caso e cando menos, deberán contemplar e valorar:

- i. O recoñecemento da Galeguidade da Comunidade Galega solicitante, de telo.
- ii. O establecemento do galego coma lingua oficial nos estatutos propios da entidade galega.
- iii. A antigüidade da entidade galega.
- iv. O número de asociados galegos da entidade galega.
- v. O número de habitantes galegos residindo no país no que está asentada a entidade galega.
- vi. O emprego da lingua galega no desenvolvemento da actividade obxecto de subvención.

3.- No caso de non quedar esgotado o crédito aprobado para un programa de actuación, a parte sobrante asignarase aos proxectos de acordo coa orde de prelación, ata rematar o dito remanente. Así mesmo, no suposto de ampliación do crédito, e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión de ampliacións de subvencións aos beneficiarios, de acordo coa orde de prelación.

Artigo 29. Bis. 4. Resolución e Publicación das concesións de axudas ou subvencións.

1.-As resolucións de concesión de axudas e subvencións, independentemente da súa contía, serán ditadas polo órgano competente para resolver, notificadas aos interesados e publicadas no Diario Oficial de Galiza, indicando a norma reguladora, o programa de actuación, o crédito orzamentario ao que se imputan, o beneficiario, a valoración do expediente de solicitude establecida polo órgano colexiado de avaliación, a cantidade concedida e a finalidade para a cal se outorgou a subvención. Ademais, todos estes datos tamén serán publicados na páxina web do órgano competente para resolver.

Artigo 29. Bis. 5. Obrigas dos Beneficiarios

Con carácter xeral, os beneficiarios das subvencións correspondentes aos programas convocados quedan obrigados a:

- i. Realizar a acción ou comportamento que fundamente a concesión da subvención.
- ii. Someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión de fondos pode efectuar o departamento concedente, ás de control financeiro que realice a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e aos procedementos fiscalizadores do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas.

- iii. Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- iv. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos durante catro anos.
- v. Comunicar a renuncia total á subvención concedida no caso de non poder levala adiante, ou parcial no caso de que a actividade subvencionada sexa esencialmente divisible e poida considerarse cumprida a finalidade que fundamentou a concesión da subvención.
- vi. Difundir a orixe do financiamento outorgado nos actos, documentación e publicacións que realicen, por calquera medio, con motivo da actuación subvencionada.
- vii. Destino e ocupación dos bens. Os bens inmoables rehabilitados destinaranse a sede habitual e permanente da entidade galega beneficiaria durante un período mínimo de cinco anos. O resto dos bens de equipamento subvencionados deberán destinarse para o fin para o que se concedeu a subvención durante un período mínimo de tres anos.
- viii. Comunicar calquera alteración dos requisitos esixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a realización das actividades, de obras e accións e/ou a adquisición dos equipamentos obxecto de subvención.”

Emenda nº30, ao apartado d) bis), de Adición. Artigo 36

ARTIGO 26. Engadir un novo punto (d.bis) co texto seguinte:

“ d. bis) Reprobar ou propoñer o cese do titular do órgano superior da Administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento desta Lei e as relacións coas Comunidades Galegas.”

Emenda nº31, ao apartado d) ter), de Adición. Artigo 36

Engadir un novo punto (d.ter) co texto seguinte:

“d.bis) Establecer o regulamento de funcionamento dos órganos de representación da Galeguidade.”

Emenda nº32, ao apartado c).4 bis), de Adición. Artigo 37

Art. 37.C. Engadir despois do punto 37. c 4º (vogais):

“37.c) bis) 1. Un vogal representante por cada unha das formacións políticas con representación no Parlamento de Galiza.

2. Un vogal representante por cada unha das organizacións sindicais máis representativas de Galiza.

3 .Un vogal representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.

4. Un vogal representante das asociacións de retornados/as de Galiza.”

Emenda nº33, ao apartado d), de Adición. Artigo 38

Artigo 38.d). Engadir ao final:

... logo da súa elección...” polo pleno do Consello de Comunidades Galegas.”

Emenda nº34, ao apartado a) bis), de Adición. Artigo 43

Artigo 43. Engadir un novo punto (a.bis) co seguinte texto:

“a.bis) Elixir aos vogais representantes e suplentes, das áreas xeográficas na Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.”

Emenda nº35, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 45

Artigo 45. Engadir un novo punto (1.bis) co seguinte texto:

“1. Bis. As convocatorias, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, faranse con tres meses de antelación e coa inclusión da orde do día e a información sobre os temas que figuren nela. Despois, haberá un prazo de un mes para que os seus membros podan facer achegas ou suxerencias e, finalmente, enviarase a convocatoria definitiva con tódalas

modificacións feitas, de habelas, e cunha antelación mínima de un mes a data das sesións.”

Emenda nº36, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 49

Artigo 49.1.). Substituír polo texto seguinte:

“f) Un representante por cada Comunidade Galega que teña máis de 20.000 socios/as galegos/as, , inscrita no Rexistro da Galeguidade.”

Emenda nº37, ao apartado 1.f bis), de Adición. Artigo 49

Artigo 49.1. Engadir un novo punto (f.bis) co seguinte texto:

“f.bis Un representante de todas as Comunidades Galegas, inscritas no Rexistro da Galeguidade, asentadas nun mesmo país no que residan máis de 20.000 galegos/as, e sempre que ningunha desas Comunidades Galegas de dito país teña máis de 20.000 socios/as galegos/as.”

Emenda nº38, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 50

Artigo 50. Engadir un novo punto (50.3.bis) co texto seguinte:

“3. Bis. As convocatorias das sesións, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, faranse con tres meses de antelación e coa inclusión da orde do día e a información sobre os temas que figuren nela. Despois, haberá un prazo de un mes para que os seus membros podan facer achegas ou suxerencias e, finalmente, enviarase a convocatoria definitiva con tódalas modificacións feitas, de habelas, cunha antelación mínima de un mes a data das sesións.”

Emenda nº39, de Adición. Disposición adicional única

Engadir unha nova disposición adicional co seguinte texto:



“Disposición Adicional segunda. Partida orzamentaria.
Para o cumprimento dos fins da presente lei habilitarase unha
partida específica dentro dos orzamentos da Comunidade
Autónoma de Galiza de acordo coas disponibilidades
orzamentarias.”

Emenda nº40, de Adición. Disposición adicional única

Engadir unha nova disposición adicional co seguinte texto:

“Disposición Adicional terceira. Lei da Cidadanía Galega no
Exterior.

O Goberno Galego presentará ao Parlamento galego, nun
prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, un
Proxecto de Lei da Cidadanía Galega no Exterior.”

Asinado dixitalmente por:

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 05/04/2013
13:44:01**